

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 11 DE AGOSTO DE 2026

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTOR ACCIDENTAL:

D. José Luis Martínez Názara

SECRETARIA ACCIDENTAL:

D^a. M^a del Juncal Capín Fonseca

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e tres minutos do día once de agosto do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión o interventor accidental D. José Luis Martínez Názara e actúa como secretaria a secretaria accidental do Concello, D^a M^a del Juncal Capín Fonseca, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 4 DE AGOSTO DE 2026

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 4 de agosto de 2026, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 4 de agosto de 2026.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria accidental dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local da seguinte publicación:

- Consellería de Política Social e Igualdade, orde de 22 de xullo de 2026, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de

Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá nos anos 2026 a 2028, cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa FSE+Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS700A). DOG número 149, de 10-08-2026.

3.- PROPOSTAS

3.1. PROPOSTA RELATIVA Á DECLARACIÓN DE DESERTO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN RELATIVO Á OBRA DENOMINADA “ORDENACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA PRAZA CASARES QUIROGA, A BARCALA (CAMBRE)” E NOVA APERTURA DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN. EXPEDIENTE NÚMERO 2026/C003/000004

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 6 de agosto de 2026 (CVD: qo48GuNZc889JXrQ3D98), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o procedemento tramitado que consta na plataforma TEdEC co número 2026/C003/000004 da obra denominada “Ordenación y mejora de la accesibilidad de la Plaza Casares Quiroga, A Barcala (Cambre)”, obra incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN UNICO DE CONCELLOS) POS + ADICIONAL 2/2024”.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do día 30 de xuño de 2026, acordou aprobar o expediente de contratación relativo á obra denominada “Ordenación y mejora de la accesibilidad de la Plaza Casares Quiroga, A Barcala (Cambre)”.

Visto que o anuncio da licitación do contrato foi publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público con data de 3 de xullo de 2026, cun prazo de presentación de ofertas hasta ás 23:59 horas do día 23 de xullo de 2026.

Visto que, finalizado o prazo de presentación de ofertas, comprobouse que non se teñen presetado ofertas á esta licitación.

Visto o informe emitido pola secretaria da Mesa de Contratación do día 6 de agosto de 2026, (CVD: Dlo7URu9u4Cxxfji+lsX) no que entre outras cousas di:

“(…)

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do día 30 de xuño de 2026, acordou aprobar o expediente de contratación relativo á obra denominada “Ordenación y mejora de la accesibilidad de la Plaza Casares Quiroga, A Barcala (Cambre)”, obra incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de

competencia municipal (PLAN UNICO DE CONCELLOS) POS + ADICIONAL 2/2024" por tramitación ordinaria e mediante procedemento aberto simplificado (con único criterio de adxudicación de apreciación automática, factor prezo).

O anuncio da licitación do contrato foi publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público con data de 3 de xullo de 2026, cun prazo de presentación de ofertas hasta ás 23:59 horas do día 23 de xullo de 2026.

Consultada a plataforma de contratación, comprobouse que non se teñen presentado ofertas á esta licitación, o que se informa para os efectos oportunos.

(...)"

Tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 584/2024, do 7 de maio, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar deserto, por falta de licitadores, o expediente de contratación relativo á obra denominada "Ordenación y mejora de la accesibilidad de la Plaza Casares Quiroga, A Barcala (Cambre)". Exp: 2026/C003/000004, conforme ao establecido no artigo 150.3 in fine, e concordantes, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Segundo: Dar traslado deste acordo, a través da plataforma TEDeC, ao departamento de obras e servizos e ao departamento de intervención para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Terceiro: Publicar este acordo no correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, e proceder a unha nova apertura do procedemento de licitación; de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante a sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente".

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 6 de agosto de 2026 (CVD: qo48GuNZc889JXrQ3D98), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3.2 PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA COMPLEMENTARIA DA OBRA DENOMINADA “REFORMA DE LOCAL COMERCIAL PARA USO DE OFICINAS MUNICIPAIS”. EXPEDIENTE NÚMERO 2016/C003/000006

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 6 de agosto de 2026 (CVD: XlkP6wtNm8fhztLBfZDc), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que con data de 21 de febreiro de 2017 a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar a obra denominada “Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais”, obra incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016. Expediente núm. 2016/C003/000006 a favor da entidade mercantil “IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.”, no importe de 155.376,44 euros IVE incluído.

Visto que, por parte da entidade mercantil IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.” depositouse unha garantía complementaria constituída mediante aval da entidade BANCO DE SABADELL, S.A. de data 9 de febreiro de 2017 por importe de 6.420,51 € (inscrito no rexistro especial de avais con número 10001075517), depositado na Tesourería municipal con data de 14 de febreiro de 2017 (núm. de rexistro 723).

Visto o escrito presentado por don Ivan Rumbo Ramos, segundo di, en representación da entidade mercantil iam Rumbo Instalaciones y Obras, S.L, con data de 9 de maio de 2025 e número de rexistro de entrada 202599900002657, no que solicita a devolución da garantía complementaria depositada na tesourería municipal para a correcta execución do contrato.

Visto o informe técnico emitido polo quen foi o enxeñeiro técnico de obras municipal interino, don Alberto Serrano Souto, con data do 29 de maio de 2025, (CVD: o4efvN+4raG8fzOQ8f+G) no que entre outras cousas sinala:

“(…)

INFORME

En relación con la devolución de la fianza complementaria 10001075519 de fecha 09/02/2017, constituída por IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS S.L., para garantizar la correcta ejecución de los trabajos recogidos en la obra “Reforma de local comercial para uso de oficinas municipales”, por un importe de 6.420,51 €, se informa lo siguiente:

4. *El escrito presentado por el Contratista para la devolución de la fianza, de acuerdo con los documentos recogidos en el expediente fue presentado el 16 de noviembre de 2020 (número de registro 202099900004237), y reiterado el 20 de abril de 2021, (número de registro 202199900002232) por lo que es errónea la fecha a la que se remite el representante de la constructora, en el escrito presentado el 9 de mayo de 2025.*

Asimismo, en ambos escritos, solicita la devolución del AVAL DEFINITIVO, no haciendo referencia en ningún momento al AVAL COMPLEMETARIO.

5. *Una vez verificada la existencia de un aval complementario para esta obra y depositada por el Contratista, al que he hecho referencia en el apartado de Antecedentes de este informe, y visto todos los documentos del expediente en los que se recogen la aprobación de la devolución de la garantía definitiva, desde el punto de vista técnico, no existe inconveniente técnico en devolver la garantía complementaria a la empresa constructora.*
6. *Asimismo, por parte del técnico que suscribe, deja constancia de que no existió participación en ninguna de las fases de este contrato, por ser anterior a la toma de posesión del cargo como Ingeniero Técnico de Obras Públicas interino.*

(...)"

Visto o **INFORME DE FISCALIZACIÓN JUA NUM 438/2022** emitido polo quen foi o Interventor Municipal con data do 2 de novembro de 2022, de carácter favorable (CVD: zD3PBIGt8ZTFPv4e71xx) no que entre outras cousas sinala:

"(...)

I.- Antecedentes

TEDEC 2016/C003/000006

Contratista: IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L. con CIF B15448004

Contrato garantizado: REFORMA DE LOCAL COMERCIAL PARA USO DE OFICINAS MUNICIPAIS

Garantía definitiva prestada mediante aval depositado na Tesourería municipal con data 14.02.2017 por importe de 6.420,51euros con núm. de rexistro 722.

Garantía complementaria prestada mediante aval depositado na Tesourería municipal con data 14.02.2017 por importe de 6.420,51euros con núm. de rexistro 723.

II.- Normativa aplicable

Constitución de 1978; artigos 100, 102 e 222 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro; Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público; artigos 65 e 157 do Regulamento de Contratos das Administracións Públicas (RCAP), aprobado polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro; artigo 214.2 a) do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL); Real Decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local e as Bases de Execución do Orzamento municipal.

III.- Consideracións

☒ O informe técnico é favorable á cancelación ou devolución, por ter transcorrido o prazo de garantía ou un ano desde a terminación do contrato e terse realizado a prestación a plena satisfacción.



A garantía non está afecta ao cumprimento das penalidades impostas ao contratista.

A garantía non está afecta ao cumprimento de obrigas derivadas do contrato, gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigas e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou no suposto de incumprimento do mesmo sen resolución.

☒ A garantía non foi incautada por resolución do contrato.

☐ Substituíuse a garantía especial ou complementaria por outra de importe equivalente ao 5 por 100 do prezo do contrato.

- ☐ No caso de garantías por materiales acopiados, produciuse a deducción para o reintegro dos abonos a conta percibidos.
- ☒ Non constan órdenes de embargo de autoridades xudiciais ou administrativas, sobre créditos pendentes.

IV.- Observacións

1.- O contrato de obra Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais, incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016, foi adxudicado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 21.02.2017, á empresa IAM Rumbo Instalaciones y Obras. S.L., no prezo ofertado de 155.376,44 euros IVE incluído, "tendo xustificado debidamente a súa oferta incurso inicialmente en presunción de desproporción ou temeridade.", debendo a empresa prestar garantía complementaria, segundo o previsto na cláusula 16.1 b) do PCAP.

No referido acordo, désígnanse como director da obra e responsable do contrato ao arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito.

O contrato formalizouse con data 24.02.2017. Posteriormente, modifícase por acordo da Xunta de Goberno local de data 15.01.2019, o proxecto, sen que a modificación aprobada do mesmo supoña incremento ningún respecto ao presuposto de adxudicación da obra, polo que non procede a aprobación de gasto complementario ningún, así como tampouco reaxuste da garantía definitiva constituída. A modificación formalizouse con data 22.01.2019.

En canto ao prazo de execución, este era de 1,9 meses (57 días naturais), superándose dito periodo de execución segundo se informou por esta intervención no informe JUA NUM 486/2019 - Reparos 161 sen efecto suspensivo, de data 30.12.2019 (CVD: Cy7Km0MWa1vnA3scHmr7):

«(...) Ainda que se ten en conta que a tramitación dun modificado do proxecto suspende a execución da obra, tal e como acordou a Xunta de Goberno local de data 13/07/2017, nos seguintes termos, "Terceiro: De conformidade co establecido no artigo 220 do TRLCSP, acordar a suspensión temporal total da execución da obra "Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais", durante o tempo que dure a tramitación do proxecto modificado, debendo levantarse Acta na que se consignen as circunstancias que motivan a suspensión e a situación de feito na execución da obra.", non constando no expediente a acta referida, motivo polo cal se informa desfavorablemente:

Por outro parte, ha de poñerse de manifesto o retraso na sinatura da acta de recepción da obra, unha vez rematada, incumprindo os prazos legais para a súa sinatura dende o fin da obra.»

2.- O prazo de garantía tiña unha duración de 6 meses a contar desde a recepción das obras, segundo se establece na cláusula 37 do Prego de cláusulas administrativas particulares, e no apartado do contrato asinado.

A acta de recepción da obra asínase con data 16 de outubro de 2019.

3.- Emítese con data 16.11.2022, informe por don José Ramón Díaz Barbeito, arquitecto interino neste concello a data de hoxe, favorable á devolución da garantía, unha vez transcorrido o periodo de garantía, nos seguintes termos:

"(...)

Fecha del Acta de recepción: 16/10/2019

(...); teniendo en cuenta lo establecido en el art. 111 del Ley 9/2017 de Contratos del Sector Público (LCSP), así como el plazo de garantía, que es de un año desde la recepción de las obras, se hace constar:

1.- Con fecha 16/10/2019 se firmó Acta de Recepción de las obras de referencia.

2.- Visitada la obra no se han detectado defectos ni fallos atribuibles a la ejecución de los trabajos contratados.

A la vista de lo anterior, transcurrido el plazo de garantía establecido, y teniendo en cuenta el art. 111.2 de la mencionada LCSP, puede devolverse la garantía constituída en su día."

Non consta no expediente 2016/C003/000006, que se traslada para a súa fiscalización documentos ou informes relativos a derivación de responsabilidade ningunha ou incumprimentos polo contratista, sendo o informe de devolución de garantía da obra emitido favorable.

Tendo en conta o cal, a devolución das garantías depositadas en concepto de garantía definitiva e complementaria, é conforme á lexislación vixente, polo que se informa favorablemente.

(...)"

Visto canto antecede, e vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía complementaria por importe de 6.420,51 euros constituída pola entidade Iam Rumbo Instalaciones y Obras, S.L., con CIF B15448004, no expediente número 2016/C003/000006, para a obra denominada "Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais".

Segundo: Notificar este acordo aos interesados e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante a señora alcaldesa (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente".

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 6 de agosto de 2026 (CVD: XlKP6wtNm8fhztLBfZDc), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 31 de xullo ao 6 de agosto 2026, que comezan coa resolución da alcaldía núm. 582/2026 e rematan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 591/2026, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
582/2026	31-07-2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 4 de agosto de 2026
583/2026	31-07-2026	Declarar con data 3 de agosto de 2026 o pase á situación de excedencia por interese particular do funcionario de carreira do Concello de Cambre DFP, conserxe de instalacións deportivas, a solicitude do propio interesado, isto de conformidade co artigo 173 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia
584/2026	31-07-2026	Levantar o reparo formulado pola Intervención municipal na dilixencia de Intervención, asinada o 31 de xullo de 2026, adicional ao Informe de fiscalización da nómina de xullo de 2026, isto con base no informe emitido pola xefa de unidade de Réxime Interior de data 31 de xullo de 2026. Aprobar a nómina do mes de xullo de 2026 cun total retribucións brutas 285.046,52 euros
585/2026	03-08-2026	Nomear a VMOL como técnica de Administración Xeral interina, encadrada na escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional "A1", para ocupar o posto vacante, por xubilación do titular, da xefatura da Área de Urbanismo e Réxime Interior, de conformidade co art. 23.2 a) da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia
586/2026	03-08-2026	Nomear a JELC conserxe de instalacións deportivas interino, encadrado na escala de administración xeral, subescala subalterna, pertencente ao grupo de clasificación profesional: outras agrupacións profesionais sen requisito de titulación, para a cobertura de vacante, de conformidade co art. 23.2 a) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
587/2026	04-08-2026	Nomear como persoal eventual a LVG para o desempeño do posto de traballo de asesora de Obras, Servizos, Urbanismo, Transportes e Medio Ambiente cos dereitos e deberes inherentes a este cargo, de conformidade cos artigos 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 201 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia
588/2026	04-08-2026	Convocar sesión extraordinaria da Xunta de Voceiros para o venres 7 de agosto de 2026, ás 12:00 horas
589/2026	04-08-2026	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 22.07.2026, no que se emite informe de reparo suspensivo, entre outras, ás facturas que se sinalan na consideración sexta do mesmo, tendo en conta os informes emitidos polo oficial, en funcións de xefe da Policía Local de data 23.07.2026 e polo enxeñeiro técnico de obras públicas de data 27.07.2026. Aprobar as facturas por un importe total de 50.339,47 euros. Autorizar e dispor o gasto, no seu caso, así como recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos anteditos gastos

		con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e aprobar a ordenación e realización do seu pagamento
590/2026	05-08-2026	Declarar con data do 5 de agosto de 2026 o pase da funcionaria de carreira do Concello de Cambre, dona VMOL técnica de xestión de administración xeral adscrita á Área de Secretaría, á situación de excedencia por prestación de servizos no sector público, de conformidade co artigo 174 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, isto ao ter tomado posesión na dita data como funcionaria interina do posto de xefa da Área de Urbanismo e Réxime Interior
591/2026	06-08-2026	Declarar que coa aprobación da relación de aspirantes para posibles nomeamentos interinos de técnicos/as de xestión de administración xeral aprobada por Resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 557/2026, do 24 de xullo de 2026, queda sen efectos a relación aprobada por Resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 709/2025, do 24 de xullo

5.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e quince minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria accidental

Mª del Juncal Capín Fonseca